

**SESIÓN DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA ELECCIÓN DE**  
**ALCALDE, DE DATA 16 DE XUÑO DE 2007**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as doce horas do día 16 de xuño de dous mil sete, co fin de constituír a nova Corporación e elixir alcalde, de conformidade co establecido nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e art. 40 do Regulamento orgánico municipal, reuníronse, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais que tiveron lugar o día 27 de maio do ano que andamos, que son os seguintes, por orde alfabética de apelidos:

- Andreu Barallobre, Felipe, do PP.
- Baamonde López, José Antonio, do PP.
- Becerra Montes, Gumersinda, do BNG.
- Cubeiro Martínez, Nicolás José, do PP.
- Fernández López, Juan Antonio, de EU-IU.
- Fernández Martínez, Laura, do BNG.
- González Roel, María Jesús, do PP.
- Iglesias Oviedo, Henrique Xabier, do BNG.
- López Lisnier, Jaime Manuel, do PS de G-PSOE.
- Marante Gómez, Manuel, do PG.
- Otero Domínguez, Antón, do BNG.
- Pérez Eléxpuru, Goretti, do PP.
- Prado Arcay, Erundina, do PS de G-PSOE.
- Ramos Padín, María Beatriz, do PS de G-PSOE.
- Ríos Rama, Santiago Manuel, do PP.
- Salcines Cristal, José Venancio, do PS de G-PSOE.
- Tato Lago, Carmen, do PS de G-PSOE.
- Taibo Casas, Luis Miguel, de EU-IU.
- Varela Saavedra, Antonio, PS de G-PSOE.
- Varela Tejedor, Francisco Javier, do PS de G-PSOE.
- Vieites Mariñas, María Jesús, do PP.

Asistidos da secretaria da Corporación dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, quen fai constar que se cumpriu o requisito que preceptúa o artigo 75.7 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 30 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, respecto da presentación ante a Secretaría xeral das declaracións correspondentes a causas de posibles incompatibilidades e actividades, así como de bens patrimoniais, como trámite previo legal para este acto.

A continuación, cúmprense os trámites seguindo a orde do día da convocatoria da sesión constitutiva efectuada polo alcalde en funcións, segundo o previsto no artigo 40 do Regulamento orgánico municipal.

### **1º.- Formación da Mesa de Idade.**

De conformidade co establecido no artigo 195.2 da Lei orgánica 5/85, do réxime electoral xeral, e artigo 40.2 do Regulamento orgánico municipal, formouse a Mesa de Idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade de entre os asistentes, dona Erundina Prado Arcay, do PS de G-PSOE, que a preside, e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes, don Felipe Andreu Barallobre, do PP. Actúa como secretaria da devandita mesa a que é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, e de conformidade co previsto no artigo 195.3 da citada lei orgánica e 40.3 do referido regulamento, compróbanse as credenciais presentadas ante a Secretaría xeral, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona, resultando que foron presentadas as credenciais por todos os concelleiros electos, e compróbase, igualmente, que se presentaron todas as declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como de bens patrimoniais.

Realizada a operación anterior, a presidenta da Mesa de Idade manifesta que comprobado que se presentaron as credenciais e as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade por todos os concelleiros electos, esta Mesa de Idade non aprecia causa de incompatibilidade en ningún deles. Compróbase igualmente que asisten a totalidade dos concelleiros, polo que se cumpre co requisito da maioría absoluta legal esixida polo artigo 195.4 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, e, como consecuencia, declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Cambre, dando cumprimento ao establecido no artigo 108.8 da Lei orgánica do réxime electoral xeral respecto de que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena

condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución.

### **2º.- Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleiro.**

A continuación, pola secretaria da Corporación infórmase que, co fin de cumprir o requisito legal de prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/85, de 29 de xuño, coa fórmula que establece o Real decreto 707/79, do 5 de abril: “xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e guardar e facer guardar a Constitución como norma fundamental do Estado”, situouse enriba da mesa presidencial un exemplar da Constitución Española e un crucifixo, así como a fórmula regulamentaria do xuramento ou promesa en galego e en castelán, efectuándolo en primeiro lugar a presidenta da Mesa de Idade, e logo o vogal; os demais concelleiros electos farano seguindo a orde alfabética por apelidos.

Seguidamente efectuase o chamamento nominal e, a medida que van prestando xuramento ou promesa, imponse a Medalla Edilicia pola secretaria á presidenta da Mesa de Idade, e pola presidenta da mesa aos demais concelleiros electos.

Prestado por todos os concelleiros electos o xuramento ou promesa de acatar a Constitución, a presidenta da Mesa de Idade declara validamente constituída a nova Corporación resultante das eleccións locais que tiveron lugar o día 27 de maio de 2007, polo que os comparecentes adquiren a plena condición de concelleiros, quedando a nova Corporación municipal integrada polos seguintes concelleiros:

#### **Polo Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español**

Don Antonio Varela Saavedra  
Don Francisco Javier Varela Tejedor  
Don Jaime Manuel López Lisnier  
Dona Erundina Prado Arcay  
Dona Carmen Tato Lago  
Don José Venancio Salcines Cristal  
Dona María Beatriz Ramos Padín

Polo Partido Popular

Don José Antonio Baamonde López  
Don Nicolás José Cubeiro Martínez  
Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel  
Dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas  
Don Santiago Manuel Ríos Rama  
Dona Goretti Pérez Eléxpuru  
Don Felipe Andreu Barallobre

Polo Bloque Nacionalista Galego

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo  
Dona Gumersinda Becerra Montes  
Don Antón Otero Domínguez  
Dona Laura Fernández Martínez

Por Esquerda Unida- Izquierda Unida

Don Luis Miguel Taibo Casas  
Don Juan Antonio Fernández López

Polo Partido Galeguista

Don Manuel Marante Gómez

**3º.- Elección de alcalde.**

Acto seguido, a Secretaria da Corporación expón que, segundo o establecido no artigo 196 da Lei orgánica 5/85, de 19 de xuño, poden ser candidatos tódolos concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas. Se algún deles obtivese a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, é proclamado alcalde electo. Se ningún deles obtén a citada maioría, é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que teña obtido maior número de votos populares no municipio.

En canto á votación, aínda que existe un uso administrativo no sentido de que

a elección de Alcalde debe ser mediante votación secreta, non hai fundamento legal, pois tanto o Real decreto 2.568/86, como a Lei 7/85 remiten á lexislación electoral, que non establece nada ó respecto, polo que pode utilizarse calquera das tres fórmulas establecidas no artigo 101 do citado Real decreto, é dicir, votación ordinaria, nominal ou secreta.

Tendo en conta a normativa aplicable, a presidenta da Mesa de Idade pregunta que concelleiros dos que encabezan as distintas listas presentan a súa candidatura ao cargo de alcalde.

Non se presentan don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do Bloque Nacionalista Galego, e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista.

Así pois, preséntanse e son proclamados candidatos ao cargo de alcalde do Concello de Cambre:

- Don Antonio Varela Saavedra, do PS de G-PSOE.
- Don José Antonio Baamonde López, do PP.
- Don Luis Miguel Taibo Casas, de EU-IU.

Pola presidenta da Mesa de Idade propónse aos presentes que a votación para elixir o alcalde sexa mediante votación ordinaria, sendo aprobada a proposta por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación.

Sometida a votación a candidatura presentada por don Antonio Varela Saavedra, votan a prol os sete concelleiros do PS de G-PSOE, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstéñense os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do PG.

Sometida a votación a candidatura presentada por don José Antonio Baamonde López, votan a prol os sete concelleiros do PP, votan en contra os sete concelleiros do PS de G-PSOE, e abstéñense os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do PG.

Sometida a votación a candidatura presentada por don Luis Miguel Taibo Casas, votan a prol os dous concelleiros de EU-IU, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstéñense os sete concelleiros do PS de G-PSOE, os catro concelleiros do BNG, e o

concelleiro do PG.

Así pois, obtívose o seguinte resultado:

- Don Antonio Varela Saavedra, sete votos.
- Don José Antonio Baamonde López, sete votos.
- Don Luis Miguel Taibo Casas, dous votos.

Sendo o número de votos dos concelleiros de vinte e un, ningunha das candidaturas presentadas obtivo a maioría absoluta, polo que a Mesa de Idade proclamou Alcalde do Concello de Cambre ao candidato da lista electoral do PS de G-PSOE don Antonio Varela Saavedra, como lista que obtivo maior número de votos populares no municipio.

#### **4º.- Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de alcalde.**

Seguidamente, de conformidade co establecido nos artigos 18 do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, e artigo 40.2 do Real decreto 2.568/86, de 28 de novembro, don Antonio Varela Saavedra toma posesión do cargo, prometendo pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Acto seguido, a presidenta da Mesa de Idade, dona Erundina Prado Arcay, entrégalle ao señor alcalde o bastón de mando do Concello co aplauso dos concelleiros e do público asistente á sesión, e ocupa a Presidencia.

Toma a palabra o Sr. alcalde, e felicita aos concelleiros e concelleiras que hoxe comezan esta lexislatura, así como agradece aos veciños e veciñas de Cambre que co seu voto fixeron realidade este acto.

Invita aos cinco grupos políticos que compoñen a Corporación para que traballen todos unidos co fin de facer un concello aberto, transparente, próximo aos cidadáns e solidario.

Segue dicindo que van traballar no que máis interesa ao cidadán, educación, sanidade, emprego, seguridade, infraestruturas, cultura, xuventude e urbanismo, co fin de

mellorar a calidade de vida dos veciños, propoñendo un modelo de Concello máis participativo, máis próximo aos problemas dos cidadáns tanto na zona urbana como na zona rural.

Conclúe que, para poder facer este traballo, tende a man a todos os concelleiros para traballar, tanto dende a oposición como dende o equipo de goberno, en busca do ben dos veciños, xa que se deben a eles, e a eles deben servir dentro do marco constitucional e democrático.

**5º.- Cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2.568/86, de 28 de novembro.**

A continuación a Sra interventora expón que en cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, a Intervención municipal adoptou as medidas precisas para a confección da acta de arqueo con data do 16 de xuño de 2007 co motivo da constitución da nova corporación, á que se unen os documentos e certificados oportunos que xustifican as existencias en metálico e valores na caixa municipal e en entidades financieras.

Así mesmo expón que o saldo total das existencias é de 3.758.775,47 euros que se desglosan do seguinte modo:

570 Cajas (municipal y museo)	3.133,31
574 Caja habilitados de ACF	250,00
574 Caja perceptores de Pagos justificar	2.000,00
573 Cuentas restringida	7.629,09
571 Cuentas operativas	3.241.146,89
575 Cuentas bancarias ACF	4.615,98
575 Cuentas bancarias Pagos justificar	0,20
577 Cuentas financieras	500.000,00

Pola secretaria da Corporación maniféstase que, aínda que se elaborou un inventario de bens municipais no ano 1993, o devandito inventario non foi aprobado, polo que non pode dar cumprimento a este requisito, non obstante, no mes de maio pasado incoouse o correspondente expediente de contratación para levar a cabo a súa elaboración.

Concluídos os asuntos da orde do día, pide a palabra don Luis Miguel Taibo Casas que, en nome dos concelleiros de EU-IU, felicita ao Sr. alcalde e aos demais compañeiros electos, así como agradece aos veciños de Cambre a súa participación nas eleccións, e manifesta a súa gratitude a aquelas persoas que fixeron posible que EU estea representada hoxe na corporación municipal e poida participar directamente na política nos vindeiros catro anos.

Segue dicindo que, nos últimos catro anos, EU-IU, sen estar representada na corporación, estivo realizando un labor de traballo que continuarán dende hoxe mesmo, mediante a presentación de propostas razoables e razonadas que agardan teñan, en primeiro lugar, o respecto que merecen, e en segundo lugar, a posibilidade de que a través de acordos poidan ser levadas a cabo, xa que desexan que o grupo de goberno que saia non resulte un inconveniente para que o diálogo e a tolerancia sexan a base principal de entendemento da nova corporación.

En EU-IU apoiarán as propostas que, partindo do grupo de goberno ou doutros grupos políticos, supoñan unha melloría para o conxunto dos veciños, pero tamén se opoñerán con todas as súas forzas ás propostas que impliquen perda na calidade de vida para as familias do concello.

Recalca o empeño que teñen en que o concello sexa cada vez máis eficaz e aberto na xestión, máis transparente no labor diario e máis participativo na relación cos cidadáns, garantindo a transparencia e a honestidade da institución local.

Para finalizar, fai unha reflexión sobre a responsabilidade que existe no traballo que van desempeñar e nas decisións da corporación que hoxe tomou posesión, xa que hai persoas que se van ver afectadas para ben ou para mal, porque, detrás dos plenos, mocións, licenzas, dedicacións exclusivas, cargos de confianza, impostos, etc., están os cidadáns que terán que ser os destinatarios das súas actuacións, polo que propón empregar o sentido común.

En nome de EU-IU reitera os mellores desexos para o goberno de Cambre no seu labor durante estes vindeiros catro anos, e tanto o seu compañeiro Juan como el mesmo e demais compañeiros de EU-IU van procurar día a día que isto ocorra, e demostrarano co seu traballo durante estes anos.



Seguidamente concédese a palabra a don José Antonio Baamonde, do PP, que felicita ao Sr. alcalde pola súa reelección, así como a todos os concelleiros que se incorporan, e a todos lles desexa sorte co fin de acadar os maiores éxitos para Cambre e os seus veciños.

Segue dicindo que dende o PP el e os seus compañeiros se poñen a disposición dos veciños, do equipo de goberno e das demais forzas representadas na corporación. Tende as mans a todos para que esta sexa unha lexislatura máis liberal co obxecto de sacar adiante os temas que preocupan aos veciños de Cambre. Van apoiar as propostas boas para Cambre veñan do grupo que veñan, e agardan que nesta lexislatura se traballe en infraestruturas, urbanismo, educación, seguridade viaria, etc., é dicir, agardan que estes catro anos sexan os anos do desenvolvemento do Concello de Cambre.

Lembra que non está aprobado o inventario, e esixirán ao presidente que cumpra con esa responsabilidade de sacalo adiante e de que se aprobe xa que, se os concelleiros deben presentar as súas declaracións de bens, o lóxico é que eles tamén coñezan, cando toman posesión, os bens de que dispón o concello.

Conclúe dicindo que agradece a todos os veciños a súa participación nestas eleccións, en especial aos que confiaron no PP de Cambre e reitera que estarán sempre á súa disposición.

Concedida a palabra a don Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, felicita ao Sr. alcalde e tamén a todos os compañeiros da corporación.

Manifesta que non tiña pensado intervir neste acto xa que consideraba que era máis de protocolo que doutra cousa, pero dado que se trata dun pleno de constitución sui géneris, e que se leva desta maneira, non quere deixar pasar esta oportunidade para dicir que unha corporación plural é moi positiva para que todos os intereses dos veciños estean representados e defendidos, e é responsabilidade de todos saber chegar a puntos de encontro para defender eses intereses. Van estar representados moitos puntos de vista, nalgúns casos difíciles de conciliar, pero a responsabilidade de todos é poder chegar a acordos para que os veciños se poidan defender.

Conclúe dicindo que na corporación anterior se fixeron cousas, e agardan que se siga na mesma liña para que as políticas de benestar social, etc., se consoliden e os veciños poidan ver un traballo ben feito.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do PG, felicita ao Sr. alcalde e aos concelleiros elixidos, así como aos veciños de Cambre por facer unhas eleccións tan variadas de onde se deriva a composición desta corporación, e agarda non defraudalos.

Cumprido o obxecto da convocatoria, o Sr. alcalde deu as gracias novamente aos presentes, e levantou a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Asdo: M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia